



Declaración institucional

28 DE XUÑO, DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI

O 28 de xuño de 1969 moitas persoas se rebelaron contra os abusos que sufriron, por parte das autoridades, polo mero feito de non ser heterosexuais. A policía irrompeu de maneira brutal nun bar do neiorquino barrio de Greenwich Village, coa única escusa de ser frecuentado por persoas LGTBI. Non era a primeira vez que isto acontecía e, por desgraza, tampouco foi a última, mais esta agresión policial provocou protestas cidadáns que duraron varios días. Foi un punto de inflexión histórico na loita polos dereitos de lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais. Foi un día de orgullo. É por este motivo que desde ese ano, o 28 de xuño celébramos o día da liberación ou do orgullo LGTBI.

Ao igual que en outros campos como o feminista ou o sindical, a loita e a mobilización social do colectivo LGTBI ten sido o motor do, aínda desigual, recoñecemento legal dos seus dereitos. No noso país, despois de moitos anos de activismo temos conseguido avanzar moito coa aprobación da coñecida *Lei de Identidade de Xénero do ano 2007* e a recente lei galega *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, xunto coa anteriormente aprobada *Lei 13/2005, de 1 de xullo, pola que se modifica o Código Civil en materia de dereito a contraer matrimonio*. Aínda así, as manifestacións de discriminación e de non aceptación da diversidade afectivo-sexual continúan a ser numerosas e inaceptábeis. Por este motivo, é tan importante insistir na celebración do Día Internacional do Orgullo, co obxecto, de sensibilizar á cidadanía sobre esta realidade, establecéndose mecanismos eficaces na loita contra este tipo de discriminación.

Por todos estes motivos formulamos a seguinte declaración:

- O Excmo, Concello de Santiago de Compostela, mediante o presente Manifesto, quere sumarse e mostrar todo o seu apoio a esta loita contra a discriminación por causa de orientación sexual, apostando pola igualdade de trato e a Igualdade ante a lei das persoas. A dignidade de cada persoa humana constitúe un dereito universal, recoñecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU, e que debemos defender.
- A institución municipal compostelá quere amosar o seu compromiso coas políticas de igualdade e traballará a favor das mesmas, rexeitando todos os actos de homofobia que se poidan producir ou que xeren discriminación contra as persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais e intersexuais. O Concello entende que é imprescindible que os poderes públicos e a sociedade en xeral loiten contra este tipo de discriminacións, establecendo mecanismos favorables á igualdade de trato e impulsando a consolidación e recoñecemento da plena igualdade de dereitos.
- O Excmo. Concello de Santiago de Compostela, sostén un compromiso de traballar naquelas medidas que favorezan a igualdade de oportunidades en todos os ámbitos e para todas as persoas independentemente da súa orientación sexual, contribuíndo ao desenvolvemento e aplicación das medidas previstas na lexislación vixente, contra calquera tipo de discriminación por orientación sexual, identidade de xénero ou diversidade familiar.

Por todo iso, nesta data tan sinalada, queremos axuntar esforzos por lograr que a igualdade de trato sexa efectiva, e que esta loita non só sexa do colectivo LGTBI, senón do conxunto da sociedade.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2015